



ADENDA Á PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA. CURSO 2021-2022

Polas modificacións producidas na Orde do 19 de maio respecto ó calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, facemos a seguinte adenda na Programación Didáctica do Departamento de Educación física nos apartados seguintes:

A. AVALIACIÓN DA MATERIA.

MODIFÍCASE este apartado da seguinte forma:

➤ Na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) establécese que:

- Elimínase a convocatoria extraordinaria de setembro,
- Realízase a convocatoria ordinaria en Xuño (do 23 ó 27) na que se presentarán os alumnos que acaden unha cualificación negativa na terceira avaliación
- A terceira avaliación levarase a cabo os días 7,8 e 9 de Xuño.

Aqueles alumnos que acaden unha cualificación negativa durante a terceira avaliación terán dereito a beneficiarse dalgún dos seguintes Sistemas de Recuperación sempre que acrediten o mínimo establecido de asistencia a clase NA Convocatoria Ordinaria de Xuño:

- Probas escritas ou traballos para lograr os obxectivos mínimos.
- Probas prácticas ou teórico-prácticas.

➤ No Bacharelato establécese que:

- Elimínase a Convocatoria Extraordinaria de Setembro que pasa a realizarse do 23 ó 27 de Xuño.
- A convocatoria ordinaria terá a cabo os días 7,8 e 9 de Xuño.

Aqueles alumnos que acaden una cualificación negativa durante algunha avaliación terán dereito a beneficiarse dalgún dos seguintes Sistemas de Recuperación sempre que acrediten o mínimo establecido de asistencia a clase:

- Probas escritas ou traballos para lograr uns obxectivos mínimos.
- Probas prácticas ou teórico-prácticas.

Será o profesor en última instancia quen decidirá que sistema de recuperación é o máis indicado.

- **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.(Recordatorio).**

- ✓ **50%: participación e traballo diario.**

No que terase en conta:

- Puntualidade e asistencia.
- Asistencia obrigatoria a clase: tres faltas sen xustificar suporán a perda da opción de superar a avaliación.
- Actitude participativa, activa e positiva tanto a nivel persoal, como respecto dos demais (de axuda á aprendizaxe, ou como modelo de mellora), independentemente do grao de dominio da materia, en cada unha das unidades didácticas deseñadas e nas tarefas propostas.
- Aseo diario logo da práctica. Obrigatorio levar: camiseta limpa, toalla e xel ou xabón.
- Coidado, recollida e uso correcto do material.
- Utilización de indumentaria deportiva adecuada: zapatillas deportivas ben atadas e axeitadas, pelo recollido, ...
- Non traer obxectos de valor: reloxos, cadeas, móbiles...
- Traer máscaras de reposto.
- Conduta que facilite o normal desenvolvemento das clases.
- Actitude positiva nas actividades complementarias e extraescolares.
- Respecto e axuda a profesor e compañeiros na atención da explicación das tarefas e a súa realización.
- Exteriorizar nas sesións comportamentos de superación e esforzo de sobre as tarefas propostas.

- Sacar a máscara, non manter a distancia de seguridade de xeito reiterado ou tocar o material non permitido, suporá unha falta grave.
- Presentación dos traballos nas datas fixadas.
- ✓ **30%: avaliación práctica.** Mediante probas prácticas de execución de contidos, partindo da avaliación inicial dos alumnos, xeralmente unha por u.d., rexistro diario de clase,...
- ✓ **20%: avaliación teórica.** Mediante exames orais ou escritos. Tamén poderán facer traballos escritos que se determinarán en cada u.d., caderno de clase.

B. ACTIVIDADES DE REFORZO e AMPLIACIÓN:

Neste apartado **MODIFÍCANSE** as actividades de reforzo e ampliación dos contidos a traballar, tanto para o alumnado que non acadou os obxectivos ao longo do curso (*reforzos*) e polo tanto deberán presentarse a convocatoria ordinaria a realizar a finais de xuño (23-27), coma para aquel alumnado que sí acadou os obxectivos previstos (*ampliación*), no prazo que vai dende a convocatoria ordinaria ata a extraordinaria no Bacharelato, e da convocatoria da 3ª Avaliación ata a convocatoria Ordinaria na ESO .

Propóñense as seguintes actividades:

- **Actividades de Reforzo.**

Estaríamos a traballar os contidos teórico-prácticos que cada alumno/a necesite para superar as probas na convocatoria ordinaria de finais de xuño e poder acadar os obxectivos propostos. O traballo sería de forma individualizada, supervisada polo profesor/a.

- **Actividades de Ampliación.**

Dende o Departamento de Educación Física temos preparadas as seguintes actividades ou propostas:

- a. Proposta dunha Competición Interna onde poderán demostrar e ampliar os coñecementos adquiridos ao longo do curso cas diversas aprendizaxes físicas e deportivas programadas no nivel correspondente. Así pois planificaranse competicións de:

bádminton, baloncesto, fútbol, balonmán, baile rexional, aerobio....dentro do horario establecido para cada grupo.

- b. Creación de talleres físico-deportivos. En coordinación con máis departamentos interesados, organizaremos talleres nos que os nenos/as poidan desenvolver actividades físico-deportivas de interese, e que non foron traballadas nin programadas durante o curso escolar: utilización de patíns/monopatíns, bicicletas, xogos alternativos, r
- c. Saídas programadas. Intentaremos programar neste período de xuño, saídas interesantes para o desenvolvemento físico-deportivo do alumno/a, aproveitando as instalacións deportivas creadas de arredor do instituto:pista polideportiva cuberta, pista de skate en Bastiagueiro...así como os espazos naturais que posúe o Concello de Oleiros: praias, paseos marítimos...Así como unha saída como peche de ciclo da ESO (4º) onde realizaremos unha etapa de Montañismo nunha zona aínda por determinar, en colaboración co club de montaña AMI de A Coruña.

C. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1º ESO

TEMPORALIZACIÓN	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1º AVALIACIÓN	O QUECEMENTO	3	+/-22
	MELLORA A MIÑA CONDICIÓ FÍSICA	7	
	TICS (Tecnoloxía da información)	1	
	BAILE E DANZAS TRADICIONAIS	7	
	INICIACIÓN AS CARREIRAS e OS SALTOS DE VALLAS E LONXITUDE	4	
	MELLORA A MIÑA CONDICIÓ FÍSICA	10	

2ª AVALIACIÓN	VOLEIBOL I	5	+/-20
	MELLORA DE COORDINACIÓN DIVERSAS A TRAVÉS DE EJERCICIOS E XOGOS COOPERATIVOS DE MANEXO DE CORDA, AROS E MALABARES.	5	
3ª AVALIACIÓN	MELLORA A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	6	+/-22
	BALONCESTO	6	
	HABILIDADES XIMNÁSTICAS	5	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	1	
	<ul style="list-style-type: none"> - Talleres - Saídas exterior - Competición interna 	4	

2º ESO

TEMPORALIZACIÓN	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACIÓN	MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	8	+/-20
	BALONCESTO I (contido curso anterior)	4	
	DEPORTES DE RAQUETA BADMINTON I	8	
	MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	10	

2ª AVALIACIÓN	INICIACIÓN Ó VOLEIBOL I	5	+/-22
	ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS E ACROBACIAS	5	
3ª AVALIACIÓN	MELLORO A MIÑA CONDICIÓ FISICA	5	+/-20
	XOGOS TRADICIONAIS	4	
	BALONMÁN I	6	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	1	
	- Talleres - Saídas exterior - Competición interna	4	

3º ESO

TEMPORIZACIÓN	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA	8	+/-20
	XOGOS TRADICIONAIS (Contido curso anterior)	2	
	BALONMÁN I (Contido curso anterior)	4	

	BALONMAN II	4	
2ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA	8	+/-20
	VOLEIBOL II	8	
	DANZAS DO MUNDO	4	
3ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA ACTIVIDADES CON BASE MUSICAL : AEROBIC	4	+/-20
	ACTIVIDADES MEDIO NATURAL ORIENTACIÓN	2	
	XOGOS E DEPORTES INDIVIDUAIS: XIMNASIA DEPORTIVA.	8	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	2	
	<ul style="list-style-type: none"> - Talleres - Saídas exterior - Competición interna 	4	

4º ESO

TEMPORALIZACIÓN	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	10	+/-22
	ACTIVIDADES CON BASE MUSICAL: AEROBIC (Contido curso anterior)	4	
	XOGOS E DEPORTES INDIVIDUAIS: XIMNASIA DEPORTIVA. (Contido curso anterior).	4	
	INICIACIÓN Ó FÚTBOL	4	
2ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	8	+/-20
	BADMINTON II	8	
	XOGOS POPULARES	4	
3ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	5	+/-20
	AEROBIC	4	
	DEPORTES ALTERNATIVOS	2	
	RUGBY	4	
	PAS	1	
	<ul style="list-style-type: none"> - Talleres - Saídas exterior - Competición interna 	4	

1º BACHARELATO

UNIDADE DIDACTICA	TEMPORALIZACIÓN	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORA DA CONDICIÓN FISICA	6	+/-20
	RUGBY (contido curso anterior)	2	
	AEROBIC (contido curso anterior)	2	
	BALONCESTO	10	
2ª AVALIACION	MELLORA DA CONDICIÓN FISICA	10	+/-20
	PAS (Protocolo básico de actuación)	1	
	VOLEIBOL	9	
3ª AVALIACION	TRABALLO NO MEDIO NATURAL. ORIENTACIÓN	4	+/-20
	SESIONES MULTIDEPORTE (IMPARTIDAS POLO ALUMNADO)	12	
	<ul style="list-style-type: none"> - Talleres - Saídas exterior - Competición interna 	4	

A Coruña , a 1 de Marzo de 2020

O Departamento de Educación Física de IES NEIRA VILAS.